

PROCEDIMIENTO DE ALTA NA APLICACIÓN INFORMÁTICA “LEFRES CIDADÁ”

Aqueles **provedores que non solicitaran a axuda en anos anteriores** e **todos os centros escolares** que teñan previsto solicitar a axuda para o curso 2020-2021, **previamente** deberán darse de alta como usuario na aplicación informática LEFRES CIDADÁ.

Para iso, deberán facer unha solicitude a través do procedemento **PR004A** da SEDE ELECTRÓNICA da Xunta de Galicia accedendo a esta páxina web:

<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=PR004A>

No formulario da solicitude hai que cubrir os datos de identificación e representación e completar os seguintes recadros que están en **negriña** co texto que está en cor **verde**:

No **ASUNTO RELACIONADO**: **Solicitude de alta na aplicación informática LEFRES CIDADÁ.**

En **EXPON**: **Que para poder presentar a “Solicitude de autorización e axuda para a subministración de produtos aos centros escolares (procedemento MR265B)” preciso ter acceso á aplicación informática LEFRES CIDADÁ.**

En **SOLICITA**:

O rexistro do usuario con NIF: XXXXXXXXX e NOME: XXXX XXXX XXXX, asociado ao provedor (ou centro escolar, de ser o caso) con NIF: XXXXXXXXX e DENOMINACIÓN: XXXX XXXX XXXX.

Nota: o usuario de LEFRES CIDADÁ debe ser unha persoa física con certificado electrónico (ou Chave 365 da Sede Electrónica da Xunta) en vigor.

En **DESTINATARIO** no primeiro cadro elixir á **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL** e no segundo cadro elixir o **FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA (FOGGA)**.

A continuación, preman no botón **“Gardar”**.

Na seguinte pantalla, no apartado **“Outra documentación”** non precisa axuntar ningún documento.

Por último, preman no botón **“Continuar”** para acceder á última pantalla do procedemento de presentación.